
A CAZA DO TIBURENTE

Texto de LEWIS CARROLL

Ilustracións de ÓSCAR VILLÁN

Tradución de ALBERTO RUIZ DE SAMANIEGO
e XABIER MEILÁN

Encuadernación rústica. 15 x 23,5 cm. 64 páx. 14 €

[A caza do Tiburente](#) (galego)

ISBN 978-84-19213-13-6. Faktoría K. Colección Rizomas.

[La caza del Tiburiente](#) (castellano)

ISBN 978-84-19213-14-3. Faktoría K. Colección Rizomas.


«Xusto o lugar para un Tiburente!», o Contramestre berrou,
desembarcando a tripulación con coidado;
e por riba das ondas a cada un levou
cun dedo no seu pelo entrelazado.

«Xusto o lugar para un Tiburente! Dígoo máis unha vez,
por se isto aguilloar a tripulación puidese.
Xusto o lugar para un Tiburente! Dígovolo e xa van tres:
pois verdade é o que dito está tres veces.»

A tripulación era completa: incluía un Limpabotas
e un fabricante de puchos e gorras.
Tamén tiña un Avogado, traído para resolver liortas,
e, para avaliar pertenzas, mesmo un Corredor de Bolsa.

Publicado por vez primeira en 1876, este poema
presenta con humor infinito a viaxe imposible
dunha tripulación improbable co propósito de achar
unha criatura inconcibible.

Unha peza mestra do *nonsense* cun texto
enxeñoso, cheo de termos inventados,
no que o épico e o misterioso se mesturan co caótico
e o deliciosamente absurdo. Unha excelente tradución
dunha obra pouco coñecida do gran Lewis Carrol,
ilustrada por Óscar Villán, que nos fala
da transcendencia de perseguir os soños,
aínda que parezan imposibles.



-
- **Temática:** poesía absurda.
 - **Idade recomendada:** a partir de dez anos.
 - **Aspectos destacables:** *nonsense*, humor, os soños e desexos.
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-caza-do-tiburente-g>
-

Lewis Carroll

(Reino Unido, 1832-1898)

Charles Lutwidge Dodgson foi profesor de matemáticas en Oxford, pero é universalmente coñecido por ser o autor de “Alicia no país das maravillas” ou “Alicia a través do espello”, historias nas que despregou todo o seu talento para xogar e facernos reflexionar co absurdo e os paradoxos lóxicos.

Óscar Villán

(Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes, recibiu o 1.º Premio Nacional de Ilustración co seu primeiro traballo para público infantil, “O coelliño branco” (1999). Entre a trintena de libros que ilustrou destacan a colección ‘Do berce á lúa’ e os libros “Animais de compañía”, “A Cebra Camila”, “Un becho extraño”, “O Rei Oso Branco” e “Non hai escapatoria”.

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
